

A C T A

En Arzúa, a 27 de xuño de 2016

Sendo as 11.30 horas, reúnense no Salón de Comisións da Casa do Concello, os membros integrantes do Tribunal Cualificador, que **valorará os méritos que foron alegados e xustificados polos vintenove aspirantes admitidos**, que solicitaron tomar parte no proceso de selección mediante concurso, para seleccionar á persoa que desempeñará o posto de traballo de **Axente TIC, para a Aula CeMIT** deste concello, durante un período de tempo que comprenderá ata o remate do programa para cuxa execución é necesario realizar este proceso de selección, que remataría o día 31 de decembro de 2016, e iso, de conformidade coas Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 12 de abril de 2016.

Asisten a esta reunión os seguintes catro integrantes do Tribunal Cualificador:

* Presidente: Javier María López Rodríguez, Coordinador TIC no Instituto de Educación Secundaria de Arzúa.

* Secretario: Juan Colmenares López-Soldado, Secretario do Concello de Arzúa.

* Vogais:

- María Esther Vidal Pandelo, Traballadora social do Concello de Boimorto.

- María Teresa Gómez Cea, Educadora familiar do Concello de Boimorto

E, visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución do Tribunal Cualificador, de conformidade co disposto no Artigo 26, nº 1, da Lei 30/1.992 de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común; o presidente procedeu a declarar constituído dito Tribunal, dispoñendo que se proceda a efectuar a valoración dos méritos dos vintenove aspirantes que resultaron admitidos definitivamente neste proceso de selección, tendo en conta agora -para realizar esa valoración- os documentos acreditativos aportados xunto coa respectiva instancia, para ser puntuados de conformidade co Baremo de méritos aprobado para esta fase do concurso, que figura recollido na Base Décima das que rixen o procedemento de selección, segundo os seguintes criterios:

I) Por experiencia profesional: ata un máximo de 12 puntos.

1) *Por servizos prestados como Axente TIC da Rede CeMIT (Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica da Xunta de Galicia): 0,25 puntos por mes traballado ou por fracción superior a 20 días.*

2) *Por servizos prestados en Administracións públicas, organismos autónomos, entidades ou sociedades públicas dependentes das mesmas, realizando tarefas de iguais ou similares cometidos funcionais aos da praza que se convoca, ou en proxectos de implantación das TIC con impacto na cidadanía ou de inclusión na Sociedade da Información: 0,15 puntos por mes traballado ou por fracción superior a 20 días.*

II) Por formación profesional: ata un máximo de 5 puntos.

Pola realización de cursos de formación en informática e/ou dinamización social, impartidos por Universidades, Administracións Públicas ou Organismos oficiais dependentes de

calquera das Administracións Públicas ou homologados por estas, de conformidade cos seguintes criterios:

- Ata 10 horas de duración: 0,10 puntos.
- De 11 a 25 horas de duración: 0,25 puntos.
- De 26 a 50 horas de duración: 0,50 puntos.
- De 51 a 75 horas de duración: 0,75 puntos.
- De 76 a 100 horas de duración: 1 punto.
- De 101 a 200 horas de duración: 2 puntos.
- De 201 ou mais horas de duración: 2,5 puntos

III) Por formación académica universitaria: ata un máximo de 3 puntos.

- Grao en enxeñería informática: 1 puntos
- Master relacionado coas funcións propias do posto: 2 puntos.
- Doctorado relacionado coas funcións propias do posto: 3 puntos.

E así, tendo en conta o previsto no baremo de méritos, procedeuse a realizar a valoración dos méritos acreditados polos vintenove aspirantes; seguindo para iso a mesma orde con que figuran rexistradas no Rexistro Xeral deste Concello as súas solicitudes para poder participar neste proceso e selección.

Dándose a circunstancia de que ata as 15 horas (*que é a hora de saída do persoal ao servizo deste Concello*) só dera tempo a poder realizar a valoración de méritos de nove dos vintenove aspirantes.

Polo que os membros do Tribunal Cualificador conviñeron en prolongar esta sesión o día de mañá (*martes*), a partir das 9.30 horas, no mesmo Salón de Comisións, onde quedaron depositados os catro tomas que conteñen as solicitudes dos aspirantes, coa documentación aportada polos mesmos.

Levantándose esta sesión, en consecuencia, ás 15,05 horas.

Cuxa sesión reanudouse no día de hoxe (*martes*), ás 9,35 horas, coa finalidade de seguir realizando a valoración dos méritos acreditados polos vinte aspirantes restantes.

De maneira que chegadas as 12,55 horas o tribunal rematou de realizar as valoracións, procedendo seguidamente a repasar e sumar as puntuacións outorgadas.

Tras o cal acordándose –por unanimidade dos catro membros do Tribunal Cualificador– outorgar as seguintes puntuacións:

| Nome e apelidos | a.1 Experiencia profesional | a.2 For. profesional | a.3 For académica | CELGA 4 | Total |
|------------------------------|--|-------------------------------------|----------------------------------|----------------|--------------|
| Roi Rigueira Agromartín | 0 | 0,25 | 0 | 2,5 | 2,75 |
| María Paz López Ponte | 0 | 5 | 0 | 2,5 | 7,5 |
| Beatriz González Vázquez | 0 | 5 | 0 | 2,5 | 7,5 |
| José Ramón López Fortes | 0 | 2,5 | 0 | 0 | 2,5 |
| Cristina María Cendán García | 0 | 0 | 2 | 2,5 | 4,5 |
| José Vicente Vilaboy Saa | 0 | 5 | 0 | 2,5 | 7,5 |
| Miguel Ángel Rial Quintela | 5,15 | 4,7 | 0 | 2,5 | 12,35 |
| Óscar Fenández Clapés | 12 | 5 | 0 | 2,5 | 19,5 |
| Ricardo Piñeiro Suárez | 0 | 0 | 0 | 2,5 | 2,5 |

| | | | | | |
|----------------------------------|------|------|---|-----|-------|
| Roberto Carlos Iglesias Mosquera | 0 | 0 | 0 | 2,5 | 2,5 |
| Luís Campos Varela | 0 | 0 | 0 | 2,5 | 2,5 |
| Iván Blanco Díaz | 0 | 2,5 | 0 | 2,5 | 5 |
| Gaspar Domínguez Méndez | 9,15 | 5 | 0 | 2,5 | 16,65 |
| Mauricio Carreño López | 0 | 4 | 0 | 2,5 | 6,5 |
| Agustín Manuel Antelo Amigo | 2,25 | 5 | 2 | 2,5 | 11,75 |
| Martín Rodríguez Pardo | 4,2 | 5 | 0 | 2,5 | 11,7 |
| Olalla Calvelo Rico | 12 | 5 | 0 | 2,5 | 19,5 |
| María Jesús Modia Ares | 0 | 3 | 0 | 2,5 | 5,5 |
| María del Carmen Prieto Rojo | 4,65 | 5 | 0 | 2,5 | 12,15 |
| Luis Antonio Gómez Capellín | 6 | 5 | 0 | 0 | 11 |
| María González Barco | 3,45 | 0,1 | 0 | 0 | 3,55 |
| Marta Pérez Seguí | 1,8 | 4,95 | 0 | 2,5 | 9,25 |
| Alba Rial Moure | 0 | 5 | 2 | 2,5 | 9,5 |
| Rebeca Sánchez Andrade | 7,5 | 5 | 0 | 2,5 | 15 |
| Marcos Viqueira García | 0 | 5 | 0 | 2,5 | 7,5 |
| Beatriz Cortegoso Álvarez | 0 | 2,5 | 0 | 2,5 | 5 |
| Eliana Bouzas Collazo | 12 | 5 | 2 | 2,5 | 21,5 |
| Laura Gutiérrez Pérez | 0 | 5 | 0 | 0 | 5 |
| Carlos Antonio Gómez Mariño | 0 | 5 | 0 | 2,5 | 7,5 |

Unha vez determinadas as puntuacións outorgadas a cada aspirante o Tribunal Cualificador –por unanimidade dos seus catro membros- adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar as puntuacións que quedaron outorgadas para cada un dos vintenove aspirantes interesados en participar neste procedemento de selección.

Segundo.- Convocar aos aspirantes vintenove aspirantes, para que comparezan o vindeiro día **1 de xullo (venres) ás 9.30 horas** no Salón de Comisións da Casa do Concello, co obxecto de realizar as **entrevistas** persoais que constitúen a fase segunda do presente proceso de selección, que serán valoradas cunha puntuación máxima de ata 2,5 puntos, seguindo para iso o mesmo orde que o de presentación das súas respectivas instancias, no Rexistro Xeral do Concello, que e o mesmo que figura no cadro anterior, onde se contén a puntuación obtida por cada aspirante na fase de valoración de méritos.

Facéndolles saber que -tal como se indica nas Bases aprobadas- as entrevistas versaran sobre o currículo vitae de cada aspirante, e a adecuación e coñecementos do mesmo en relación co posto de traballo; valorándose entre outros aspectos:

- Ser persoa innovadora, creativa, con carácter emprendedor, responsable, resolutive, minuciosa e metodolóxica na forma de traballar.
- Ter habilidades de comunicación, atención, capacidade e uso de técnicas de escoita activa.
- Ter coñecemento e manexo de programas informáticos cun nivel de usuario medio.

Terceiro.- Facer saber aos aspirantes que a puntuación final deste proceso de selección virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na valoración de méritos e na entrevista realizada, a cuxa puntuación sumarase a obtida na proba sobre coñecemento do idioma galego, que -no caso de

acreditar que se estaba en posesión do Celga 4 ou equivalente- será de 2,5.

Cuarto.- Publicar unha copia da presente acta no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, para dar a coñecer o resultado da primeira fase deste procedemento de selección a todos os interesados, e a efectos de reclamacións ou de calquera outro posible acto impugnatorio.

Co cal douse por rematado o acto, ás 13.30 horas do día de hoxe 28 de xuño; estendéndose a presente acta, para ser subscrita polos membros do Tribunal Cualificador e para constancia no expediente; do que dou fe.